# Preinscrición

✔A admisión será por orde de preinscrición, asignaráselle un número de solicitude que recibirá o correo electrónico que indique no formulario.

✔Terán preferencia as nenas e nenos empadroados no Concello da Coruña.

✔Reserva do 10 % das prazas ofertadas para persoas beneficiarias de programas sociais.

✔Soamente se poderá presentar unha preinscrición por menor, en caso contrario anularanse todas.

✔Participantes con necesidades educativas especiais ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo, ofértase 1 praza por grupo/centro.

✔O monitorado de apoio para nenas e nenos con necesidades educativas especiais, realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

✔Os horarios das actividades son de obrigado cumprimento na súa totalidade, tanto no horario xeral como no horario ampliado.

✔Requirirase un número mínimo de participantes para formalizar grupo, tanto no horario xeral como no ampliado.

✔Obrigatorio o uso da máscara para as/os cativos maiores de 6 anos e recomendable para as idades entre 4 e 6 anos.

✔Cada grupo estará formado por 10 menores e deberá haber un mínimo de participantes.

# Recuncho do Xogo

**DIRIXIDO A**
Nenas e nenos de 4 a 12 anos (deberán telos cumpridos no momento da preinscrición)

**DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

11, 12 e 13 de abril do 2022

**HORARIO**

Horario xeral: 10.00 a 13.30 h

☆ Horario ampliado: 9.00 a 14.00 h

| | | |
|---|---|---|
| ☆ **Monte Alto** | **Labañou** | **Novoboandanza** |
| ☆ **Castrillón** ▯ | ☆ **Os Mallos** | **Palavea** |
| ☆ **Cidade Vella** | **Eirís** | **Elviña** |
| ☆ **San Diego** | ☆ **Mesoiro** | ☆ **Os Rosais** |
| ☆ **Monelos** | | |

## RECOMENDACIÓNS

- Levar auga e un refrixerio (froita,iogur, bocadillo) para tomar a media mañá.
- Non traer ás actividades aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, etc.
- É aconsellable que non asistan á actividade os/as participantes que teñan enfermidades contaxiosas ou presenten algún destes síntomas:
febre, vómitos, diarrea ou no caso de ter piollos.

# Datas importantes

**PREINSCRICIÓN**
Dende as 08.00h do 31 de marzo ás 23:59h do 2 de abril

**LUGAR**
www.coruna.gal/serviciossociales atoparás un link coas indicacións que debes seguir para a preinscrición. En caso de non ter acceso a internet, pódese realizar a preinscrición chamando o nº de teléfono que se indicará nos centros cívicos, 010 e web municipal.
603-705-338

**LISTAXES DE ADMISIÓN**

4 de abril. Poderanse consultar no centro cívico onde se preinscribiu, no Teléfono de Información 010 ou na web www.coruna.gal/servizossociais/

**INSCRICIÓN - PAGO DA TAXA**

5 e 6 de abril de 10.00 a 14.00 h e de 16.30 a 20:00 h.

Para formalizar a inscrición debe recoller e entregar no centro cívico onde se obtivo a praza a seguinte documentación:

▯ O impreso oficial de autoliquidación, que se pode obter no centro cívico, no que consta o abono do prezo público para realizar o pago na sede bancaria.

▯ As autorizacións que se entregarán no momento da inscrición, debidamente cumprimentadas e asinadas por unha persoa responsable do menor.

**PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE**
Horario xeral/ampliado: 7 € por persoa participante.